

LÚA NOVA

Xaneiro 2021

acgrosaliadecastro@gmail.com

nº 60




REVISTA GALEGA DE CULTURA
A.C.G. ROSALÍA DE CASTRO - Cornellà (Barcelona)

A PROPÓSITO DA TRADUCIÓN PARA O GALEGO DE POETA EN NOVA YORK

POR: SUSO DÍAZ (poeta)

Nado en Ludeiros, parroquia de Manín (Lobios)



Traducir Poeta en Nova York era unha idea que me viña ocupando dende hai bastantes anos, mais non a souben materializar ata o ano 2018 no que finalmente asumín o proxecto como ese reto que quería acometer sen saber se o conseguiría cun resultado satisfactorio, e talvez poder chegar a velo finalmente publicado.

No ano 2015 emprendín con Helena Villar Janeiro a obra colectiva 6 poemas 6. Homenaxe a Federico García Lorca, publicado por Biblos Clube de Lectores, onde traballamos cos Seis poemas galegos de poeta granadino. Foi entón cando comecei a pensar na idea de traducir ese libro que sempre me engaiolou e que é tan complexo e marabilloso. Despois foi pasando o tempo e non había maneira de concretar nada, resultábame moi complicado de traducir e non me sentía cómodo cos resultados que ía acadando con algún que outro poema.

Nestes últimos anos fixen un profundo exercicio de inmersión ao galego normativo, renunciando ao galego nativo do Val do Limia, con todo o que iso me supón, ata atoparme cómodo para comezar con esa difícil tarefa que é traducir e moito máis traducir Poeta en Nova York.

Ao principio tiña a idea de facer unha tradución comentada, e comecei escribindo nun caderno os poemas que ía traducindo (sempre escribo a man toda a poesía), á vez que ía facendo anotacións sobre cada un deses poemas. Mais logo descartei a idea de seguir coa edición comentada, coido que pouco ou nada novo podería aportar á infinidade de estudos e traballos feitos e publicados, e a moitos deles acudín para entender mellor este libro inesgotábel. Mais esa idea fraguouse noutra, da que falarei nalgún momento se finalmente hai ocasión. Agora o que me ocupa e a publicación de Poeta en Nova York, e estamos neste tempo.

Así, ao longo do 18 fun traducindo os poemas, e no 19 fixen o traballo de pasalos a limpo e de ir corrixindo e mellorando o escrito no papel. No derradeiro trimestre dise ano comecei a consultar nalgunha editorial a posibilidade de publicar a tradución que finalmente acolleu a Editorial Galaxia.

Poeta en Nova York é un libro único, difícil, cunhas metáforas complexas que dificultan e enriquecen o texto dun xeito extraordinario, por iso penso e creo que é un libro infindo, do que cada lectura é unha nova lectura e sempre parece un libro diferente, algo moi, moi difícil de acadar e que acontece en contadas ocasións na literatura universal.

Despois de 80 anos da súa publicación, finalmente tamén está na nosa lingua para quen o queira sentir e gozar en galego, nesta lingua que tamén foi de Federico García Lorca, e a el está adicado este traballo que pasou de ser un duro e sufrido auto encargo a sentirme orgulloso de telo acometido, e penso que tamén F. G. L. se sentiría orgulloso de que o seu marabilloso libro se lea en galego.

RINCÓN DE POESÍA



Nas entrañas dos morrillos

Nas entrañas dos morrillos
asomada a unha xanela,
berra pola choiva.. berra
unha ovella de Quintela.
Entre morrillos se erguía
apiques de naufragar,
que triste e sentir as ondas
tan lonxe do belo mar.
Sinto no maxin as bervas
que con bágoas oxe escribo,
o arrecendo a chamusco
e para min un castigo.
Non poden andar as pedras
pero si poden falar,
eu que entre morrillos ando
cofezo ate o seu penar.
O lume e unha traxedia
mata dafeito o que pilla,
non hai virus tan malvado
como o que nos queima a vida.
Asomada na xanela
entre morrillos fermosos,
choranlle os ollos co fume
e sinte a fame nos hosos.
Quixera poder cantar
un canto de liverdade,
pero crevouseme a voz
ollando tanta barbarie.

Nieves Fernández Vidueira
(14/9/2020)

